

ASUNTO OFOE

A mediados do mes de marzo dúas traballadoras desta oficina se poñen en contacto con Carmen Serra e Manuel Velasco para amosarnos a súa preocupación polo remate da subvención da Xunta de Galicia e a inxuedanza que sentían ó non saber si se lles ía renovar, ou non, os seus contratos de traballo. Por *motu proprio* e nos poñemos en contacto coa secretaria do vicerrector de Relacións Institucionais para concertar unha entrevista. Na reunión, que celebramos días máis tarde, transmitímoslle o vicerrector a nosa preocupación polo futuro laboral dos traballadores da OFOE. Nesta primeira conversa o representante da universidade, tras comunicarnos distintas impresións sobre o funcionamento deste servicio, mostra a súa intención de renovar tódolos contratos.

A medida que nos imos achegando o mes de abril as traballadoras nos fan partícipes do seu desacougo e da súa desconfianza na posibilidade da renovación de tódolos contratos. O 31 de marzo é o seu último día de traballo e vanse para casa coa esperanza de que a universidade faga tódolos trámites para renovar a subvención antes do 5 de maio, data tope para presentar a documentación.

Durante o mes de abril falamos repetidas veces co vicerrector e nos imos decatando dos novos planes que ten para a OFOE que pasan por unha reestructuración do servicio. Na reunión do Comité de Empresa de Pontevedra do día 14 de abril o presidente da conta deste asunto e solicita enviar, conxuntamente co Comité de Ourense, un comunicado apoiando, entre outras cousas, a continuidade de todo o persoal. O día seguinte seguindo o mandato do pleno o presidente do C. E. de Pontevedra chama por teléfono a presidenta de Ourense e sondea a posibilidade de enviar o comunicado conxuntamente, a resposta que recibe é que para chegar a ese acordo é preciso que o pleno do C. E. de Ourense se manifieste, de tódolos xeitos lle envía o comunicado asinado para que no momento que teña o respaldo necesario se encargue ela mesma de metelo por rexistro. Ó ir pasando os días e o non celebrase reunión de C. E. en Ourense desde Vigo decidimos enviar o escrito asinado só polo Comité de Pontevedra.

O 25 de abril tres traballadoras interpoñen reclamacións previas en materia de despido e ó día seguinte a través do teléfono o vicerrector confirma que o futuro da oficina será unha plantilla de tres efectivos e que vai a esperar ata o último día para presentar a documentación na Consellería de Familia.

O martes, 11 de maio, novamente por teléfono o membro do goberno da universidade confirma que xa enviou os papeis e solicita a participación dos Comités na selección do persoal propoñendo o método de escoller tres de cinco.

Con data 7 de abril se lle fixo un contrato de obra, por un mes, o auxiliar administrativo. Parte do traballo que elas facían se está a facer desde a secretaría do vicerrector, tal e como demostran as repetidas mensaxes enviadas a comunidade desde ese posto de traballo.

En conversas co xerente e o xefe de RR HH o presidente do C. E. de Pontevedra lle mostra a súa preocupación pola non participación directa nesta reestructuración encuberta do persoal deste servicio.

Na reunión do C. E. de Pontevedra celebrada o 13 de maio acordouse facer un escrito no que se recollerá a negativa deste órgano a participar nunha nova selección defendendo o resultado e a prelación da que se fixo no seu día, tamén se acordou, para ter datos obxectivo de cara a unha negociación, solicitar un informe pormenorizado do labor feito nos últimos anos pola OFOE. Tamén se acordou nomear a Carmen Serra como representante do C. E. na posible comisión de selección co encargo expreso de defender diante dela o acordo do Comité.